

Mosteiros prerrománicos ourensáns

Juan Carlos Rivas Fernández

Antes de entrar de cheo en materia, convén que expoñamos a nosa opinión sobre os antecedentes e cronoloxía dos primeiros momentos fundacionais destes antigos complexos monásticos. Mosteiros da Ribeira Sacra con orixes prerrománicas? En principio pódese dicir, sen temor a caer en esaxeración, que probablemente case todos, por non dicir todos. En efecto, duns, os máis, temos novas documentais polo menos no século X; doutros, como veremos, non poderemos mostrar testemuños certos da súa existencia en época prerrománica, como máximo quedaría un vago testemuño a modo de tradición ou piadosa lenda fundacional, pero en todo caso o máis seguro é que os seus antecedentes se internen tamén francamente na Alta Idade Media; e, finalmente, dalgúns non se poderán sondar en absoluto as súas verdadeiras orixes, como entendemos que ocorre, por exemplo, con Oseira para cuxos primeiros tempos cenobíticos fundacionais, e a falta doutros datos, se veñen aceptando os dos catro santos varóns, isto é uns momentos moi tardíos, ben entrado o século XII, e xa practicamente en portas do seu paso ao Císter; pero incluso para estes casos haberá que botar man da lóxica, de determinadas percepcións e doutros detalles, que en definitiva estarán a nos denunciar igualmente uns máis que probables antecedentes prerrománicos.



Os inicios do monacato en Galicia –tema que neste catálogo foi reservado con acerto a José Freire Camaniel–, están evidentemente no máis simple, persoal, solitario e rigoroso anacoretismo, e tamén nas manifestacións eremíticas illadas ou ben compostas por reducidas comunidades de abnegados crentes, que se sometían a un severo réxime de autodisciplina, oración e penitencia dedicado a Deus. Para a consecución destes obxectivos precisaban instalarse nun medio natural que, por moi apartado e accidentado que fora, permitira unha mínima posibilidade de subsistencia principalmente mediante o cultivo de pequenas parcelas e a utilización de pastos para o mantemento dalgúns animais; pero sobre todo un medio natural como este da Ribeira Sacra que, reunindo eses requisitos, era ademais idóneo polas súas características para conseguir a ansiada e esencial vida ascética en paz, retiro e meditación. É certamente hai que recoñecer que aínda hoxe, ante a contemplación da grandiosidade e o silencio imperante nestas marxes fluviais, e aínda que só sexa por uns instantes, o espírito parece predispoñernos a unha actitude de mellor comprensión do seu devir histórico, ante tanta fe e sacrificio aquí vertido por aquela intensa confluencia de ascetas.

Non obstante, parece oportuno recordar que estas actitudes ou drásticas decisións de carácter moi persoal, para practicar unha vida de penitencia en retiro, déronse en todo tempo e en todas as relixións. Non se pode considerar, por tanto, o fenómeno do anacoretismo como xurdido todo el nun determinado intre, nin como resultado dun concreto período de misticismo ou exaltación da fe; e moito menos poderá ser achacable exclusivamente a fenómenos xeofísicos ou sucesos só conxunturais, como era o achegado advento do ano mil, segundo se chegou a dicir. En civilizacións máis antigas hai xa noticia de numerosos ascetas, ou simplemente “homes santos”, que movidos por fortes impulsos relixiosos se afastaron do ambiente comunitario das súas tribos ou pobos, retirándose a lugares apartados, ás veces case inaccesibles, para se dedicar á vida contemplativa, á oración, á penitencia, a tratar de alcanzar a perfección espiritual, etc.

E como complemento do anterior, e dentro dos estados ou actitudes ascéticas que puideron xurdir aquí, na Ribeira Sacra, ao longo dos primeiros séculos da Alta Idade Media, haberá que distinguir entre eremitismo e cenobitismo; o primeiro, como se sabe, limitado a casos persoais e illados, e o segundo practicado xa en grupos familiares ou comunidades suxeitas a sinxelas e elementais regras de convivencia, regras que despois terían maior adecuación e perfección con San Martiño, San Froitoso, San Valerio, etc.

Non obstante, ultimamente se formulou a cuestión de ata que punto se pode falar con certa base científica de inicios eremíticos para moitas das orixes de coñecidos mosteiros galegos. É verdade que os datos sobre o monaquismo eremítico nestas terras son realmente escasos, por non dicir nulos, pero esa carencia non debe de conducir a un fácil escepticismo, e, pola contra, as percepcións que calquera reflexivo observador poida recibir hoxe aquí na Ribeira Sacra, ante tal escenario natural, marcado aínda hoxe de restos de antigos asentamentos relixiosos de carácter esencialmente ascético e penitencial, vainos levar a considerar que, en efecto, estas marxes do Sil e do Miño eran o marco adecuado para que frutificaran aqueles modos de vida, sendo protagonistas moitos séculos atrás dunha tradicional actividade anacorética e cenobítica, e con especial intensidade nos dous definidos períodos que comprenderon practicamente todo o altomedievo.

.....

Polo tanto, haberá que dicir que o de Ribeira Sacra que segundo parece foi elaborado en tempos de Yepes e baseado, polo que se dixo, nun erro de lectura do diploma de Dona Tareixa de Portugal, filla de Afonso VI, viúva do Conde de Portugal Don Henrique de Borgoña e nai do fundador daquel reino Don Afonso Enríquez. Este documento está datado o 21 de agosto de 1124, e no mesmo lese nada menos que por tres veces, claramente e sen lugar a dúbidas *Rovoiria Sacrata*, isto é “carballeira sagrada” e non *Rivoiria Sacrata*. Non obstante é probable que a suposta deficiente lectura se realizara en realidade de xeito premeditado, polo acertado do nome para aplicalo a todo o contexto de carácter eremítico e monacal, que ía xurdindo ao coñecemento dos primeiros investigadores, sobre a antiga existencia deste fenómeno en tan apartadas terras de ribeira neste tramo do Sil.

No diploma Dona Tareixa titúlase “raíña dende o mar Océano ata o río Raspaloso – que non o Bibeí como se adoita dicir–, que corre entre os Tíburos e os Geurros” (aquí está unha das marcas de antigüidade dados premeditadamente ao falso documento), faise por tres veces mención a unha *rovoiria sacrata* nestes termos: “....*locum qui dicitur Rovoyra Sacrata, qui est in monte de Ramo, territorio Caldelas*”; isto é que en realidade se trataba dunha concreta paraxe, unha carballeira, situada no couto do mosteiro, no monte de Ramo e dentro do *territoria* medieval de Caldelas. Os termos xurisdiccionais deste couto, por certo de moi escasa extensión, eran estes: “*per Humanum usque Colobrinum maiore; deinde per cubitus de Felgoso et per collem qui est inter Felgosum et Humanum; postea per carreiram maiorem, que ducit ad Nugariam et clauditur per Humanum*”.

Sexa como for, o certo é que a adopción desa feliz e apropiadísima denominación de Ribeira Sagrada fixo xa arrolladora e inapelable fortuna aplicada a estas fascinantes e espectaculares terras do curso final do río Sil e do central do Miño. Sobra, pois, toda discusión estéril. Ademais, non imos ir contra corrente do que a historia, a fe e o sacrificio duns abnegados crentes confirmaron ao longo de moitos séculos como unha fermosa e incuestionable realidade.

Máis interesante parece, en cambio, a propia subsistencia da tal *rovoiria sagrada*, topónimo seguramente certo e antiquísimo, a pesar da falsidade do citado documento, e que quizais habería que remontar a tempos nos que tal vez puido ter mellor xustificación,

sobre todo como tradicional topónimo de paraxe que xa era no tempo de reproducilo no citado documento, repetimos, por moi falso que este for. É máis, un nome tal ben puido estar vinculado con lendas, prácticas e crenzas de tempos protohistóricos, e, chegados aquí, non hai por qué pensar precisamente no cuestionado druidismo coas súas fouces de ouro ou cousa parecida.

.....

O mosteiro cisterciense de Santa María de Montederramo foi directo sucesor do beneditino de San Xoán de Monte de Ramo, que estaba situado no que hoxe se denomina en forma redundante San Xoán de Seoane Vello. De certo, aínda non está suficientemente aclarada esta cuestión do traslado do mosteiro, dende a zona onde hoxe se asenta a igrexa parroquial de Seoane Vello —significativa denominación, distintiva doutra máis moderna, a ter en conta— onde hoxe se encontra, ou sexa nada menos que a uns 5 quilómetros de distancia. Dende logo, o que si pode ter unha certa credibilidade é a propia realidade territorial xeográfica e toponímica da delimitación do couto, que se describe no xa citado privilexio de Dona Tareixa de Portugal, que evidentemente non podería ser obxecto de falsificación, á marxe de que o concedera ela ou non, e en definitiva da falsidade do documento. E é fácil deducir que ese exíguo couto se incluía nos termos de Seoane Vello, e que estaba moi afastado e totalmente desconectado do actual asentamento do mosteiro. Por conseguinte, a redución da famosa *Carballeira Sagrada*, de onde, como xa deixamos dito, se xerou a xa famosa e apropiada denominación de Ribeira Sacra, habería que situala preto do Mao, si, pero no triángulo Nogueira-Seoane Vello-Folgozo. É máis, incluso o “monte de Ramo” que tamén se cita, de onde lle ven a denominación ao mosteiro, habería que buscalo nestas paraxes e non no Montederramo actual. En 1142 —segundo outros en 1153— este mosteiro pasa ao Císter baixo a advocación de Santa María.